



Guía Docente						
Datos Identificativos				2021/22		
Asignatura (*)	Dificultades de aprendizaxe		Código	652G02027		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Psicoloxía					
Coordinación	Freire Rodríguez, Carlos	Correo electrónico	carlos.freire.rodriguez@udc.es			
Profesorado	Freire Rodríguez, Carlos	Correo electrónico	carlos.freire.rodriguez@udc.es			
Web						
Descripción xeral	A materia Dificultades de Aprendizaxe constitúe unha introducción ao estudo da orixe, características e implicacións para a aprendizaxe que evidencian algúns estudiantes con dificultades para a lectura, a escritura e o cálculo.					
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Os contidos a tratar non serán alterados se non hai redución do calendario académico. Serán tratados mediante teleformación.</p> <p>2. Metodoloxías As metodoloxías poden manterse todas, pasando, no caso de Portafolio do alumnado, á modalidade non presencial mediante atención virtual con Teams, Moodle e correo electrónico. No caso da metodoloxía da Proba mixta será realizada mediante Moodle, apoiándose en Teams para a xestión.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada será realizada mediante as ferramentas propias da UDC: Moodle e Microsoft 365 (Teams, correo electrónico, etc.)</p> <p>4. Modificacións na avaliación As ferramentas electrónicas disponíveis permiten manter a avaliación proposta na guía docente. Únicamente, contémplase unha modificación no cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesións que se desenvolveron presencialmente ata o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen trocos.</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.	A1 B25 C4
Coñecer as características destes estudiantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.	A2



Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudiantes e identificar disfuncións.	A3	B19 B22 B23 B24	
Identificar dificultades de aprendizaxe, informalas e colaborar no seu tratamento	A4	B22 B23 B24 B25	C4
Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudiantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.	A6		
Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.	A7		
Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.	A11		
Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.	A14		
Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.	A15		
Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula	A16		
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.	A19		
Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A47		
Fomentar a lectura e animar a escribir	A48		
Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das lingua oficiais de estudiantes de outras lingua	A49		
Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia	A62		
Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.	A63		
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.	A64		
Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.	A65		
Resolver problemas de forma efectiva.		B2	
Traballar de forma autónoma con iniciativa.		B4 B5	
Traballar de forma colaborativa.		B6 B7	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.			
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.			
Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.		B11 B12	
Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.		B13	
Lectura e interpretación de imaxes.			



Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.		B14 B15 B16 B17 B18 B20 B21
Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.		
Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.		
Capacidade de análise e de autoavaliacián tanto do propio traballo como do traballo en grupo.		
Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes		
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacíons (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.		C6 C7 C8
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		

Contidos

Temas	Subtemas
1-DESENVOLVEMENTO CONCEPTUAL DAS DIFICULTADES NA APRENDIZAXE (DA).	1.1.Caracterización actual das dificultades na aprendizaxe. 1.2.Características dos nenos/as con DA.
2- VARIABLES SOCIO-EMOCIONAIS E MOTIVACIONAIS.	2.1.Compoñentes emocionais e motivacionais implicados nas DA.
3- VARIABLES E PROCESOS COGNITIVOS NAS DA	3.1.Enfoques e estilos de aprendizaxe. 3.2.Estratexias de aprendizaxe. 3.3.Autorregulación da aprendizaxe.
4. AS DIFICULTADES NAS APRENDIZAXES BÁSICAS. PREVENCIÓN DAS DIFICULTADES NA APRENDIZAXE DA LECTURA (DAL)	4.1.Conceptos básicos. 4.2.Procesos que interveñen na lectura. 4.3.Dificultades nas DAL. 4.4.Avaliación. 4.5.Intervención nas DAL. .
5. AS DIFICULTADES NAS APRENDIZAXES BASICAS. PREVENCIÓN DAS DIFICULTADES NA APRENDIZAXE DA ESCRITURA (DAE)	5.1.Conceptos básicos. 5.2.Procesos que interveñen na escritura. 5.3.Dificultades nas DAE. 5.4.Avaliación nas DAE. 5.5.Intervención nas DAE.
6. AS DIFICULTADES NAS APRENDIZAXES BASICAS. PREVENCIÓN DAS DIFICULTADES NA APRENDIZAXE DAS MATEMÁTICAS (DAM)	6.1.Conceptos básicos 6.2.Procesos que interveñen nas matemáticas 6.3.Dificultades nas DAM 6.4.Avaliación nas DAM 6.5.Intervención nas DAM
7. TDAH (TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE)	7.1.Características do TDAH 7.2.Avaliación 7.3.Intervención psicoeducativa no TDAH



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 A4 A6 A15 A47 A63 A65 B5 B13 B14 B18 B20 B21 B22 B23 B24 C7 C8	7	24.5	31.5
Lecturas	A1 A2 A4 A7 A47 A48 A49 B4 B11 B12 B15 B16 B17 B25 C3 C4 C6	2	6	8
Traballos tutelados	A4 A6 A16 A19 A47 A48 A49 A62 A63 A65 B2 B4 B5 B6 B7 B12 B14 B15 B16 B17 B19 B21 B22 B23 B24 B25 C3 C4 C6 C7 C8	4	18	22
Portafolios do alumno	A3 A6 A14 A47 A48 A64 B4 B15 B16 B21 B22 B23 C4 C7	1	21	22
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A47 A62	16	0	16
Proba mixta	A2 A3 A6 A64 B7 B16	1	10	11
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	Realizaranse análises de supostos prácticos que achegarán ao alumnado á realidade educativa que se presenta na aula no que atinxe ás dificultades na aprendizaxe.
Lecturas	Individualmente, realizaranse 3/4 lecturas que facilita o docente e que complementan os temas tratados.
Traballos tutelados	En grupos (mínimo 3 e máximo 4) deberán elaborar materiais de intervención nas DA (segundo o tema tratado na clase). Estes traballos serán orientados polo profesor nas súas diferentes fases e serán expostos ante os demás compañeiros.
Portafolios do alumno	As actividades propostas nas sesións interactivas serán incluídas nun portafolio que se entregará ao final do cuadrimestre de forma telemática (Moodle). O dosier deberá entregarse en pdf ou Word, paxinado, e incluirá unha portada co nome ou nomes das persoas que o elaboraron, así como un índice de contidos. Todas as prácticas deberán axustarse ao estilo APA 7ª edición.
Sesión maxistral	Todos os temas serán introducidos polo docente nas sesións expositivas.
Proba mixta	A proba de avaliación final será unha proba mixta que combine preguntas de resposta curta e preguntas tipo test sobre os contidos abordados durante o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Proba mixta	No horario de titorías, e previa cita por correo electrónico ou Teams, atenderanse as dúbihdas do alumnado. Existen diversas
Traballos tutelados	opcións para realizar estas titorías: de forma presencial ou de forma telemática (correo electrónico, Moodle ou Teams). As titorías presenciais serán de carácter diádico (titorías individualizadas). As titorías grupais desenvolveranse por medios telemáticos (correo, Moodle ou Teams).

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Proba mixta	A2 A3 A6 A64 B7 B16	Avaliación final	30	
Portafolios do alumno	A3 A6 A14 A47 A48 A64 B4 B15 B16 B21 B22 B23 C4 C7	Dosier onde se recollerán as actividades traballadas nas sesións interactivas.	70	
Outros				

Observacións avaliación



O alumnado que asista a un mínimo do 85% das sesións interactivas acollerase ao réxime de avaliación de presencialidade. Este tipo de avaliación basearase na realización dunha serie de actividades e traballos prácticos que se irán desenvolvendo ao longo do curso e que o alumnado presentará (na data indicada polo docente) nun dossier de prácticas. Este dossier computará o 70% da cualificación final da materia. O outro 30% da cualificación corresponde a unha proba de tipo mixto (preguntas tipo test e de resposta curta) sobre os contidos abordados nas sesións expositivas. Para aquel estudiantado que consiga a cualificación de "Apto" no dossier, a proba mixta terá un carácter voluntario (é dicir, esta proba non sería un requisito indispensable para aprobar a materia, pero, quen opte por presentarse a ela, deberá aprobarla para poder superar a materia).

Os/as estudantes que asistan a menos do 85% das sesións interactivas (réxime de avaliación non presencial) serán avaliados mediante unha proba mixta sobre os contidos abordados nas clases expositivas, que computará o 50% da cualificación, e mediante un exame práctico sobre os contidos desenvolvidos nas clases interactivas, que computará o outro 50% da cualificación. É imprescindible obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes para superar a materia.

Os/as estudantes matriculados/as a tempo parcial terán o dereito a solicitar a dispensa académica, segundo contempla o apartado 5 do artigo 4 da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de Grao na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno do 28 de xuño do 2016):

Os estudiantes a tempo parcial poderán solicitar aos Decanos e Directores doscentros responsables da súa titulación a dispensa académica que lle exima da asistencia a clase daquelas materias, ou partes de materias, nas que se admite acitada dispensa na súa guía docente; porén en todo caso serán avaliados polosistema de avaliación continua . A solicitude de dispensa poderá realizarse nomenamento de remitir a documentación xustificativa mencionada no apartado 1 desteartigo.

Estos/as estudiantes con recoñecemento de dispensa académica serán avaliados mediante un exame escrito sobre os contidos teórico-prácticos da materia, que computará o 100% da cualificación (o 50% corresponde ao exame de contidos teóricos desenvolvidos nas sesións expositivas, que será una proba mixta; e o outro 50%, ao exame de contidos prácticos, desenvolvidos nas sesións interactivas. É imprescindible obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes para superar a materia).

OBSERVACIÓNES ADICIONAIS:

Para o alumnado presencial:

1. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (dossier de prácticas e proba mixta, no caso de que decidan presentarse).
2. O dossier presentarase antes da data do exame oficial.

Para todo o alumnado:

1. A convocatoria de 2ª oportunidade de avaliación estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de 1ª oportunidade.
2. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 29/06/2017) no Art. 21.2: Considerarase como ?Non presentado? (NP) a aquel/a estudiante que, estando matriculado na materia, non concurra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.

Así, será cualificado como ?Non presentado? cando:

- a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou
- b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

3. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 29/06/2017) no Art. 14.4., a realización fraudulenta das probas e/ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de "Suspenso" (0) na convocatoria correspondente, invalidando así calquiera cualificación obtida nas actividades de avaliación na convocatoria vixente.

Fontes de información



Bibliografía básica	- González R.M. y otros (2013). Javitor, el castor lector y los amigos de las letras. CEPE Aguilar, C. (2014). TDAH y dificultades de aprendizaje: guía para padres y educadores. Diálogo. Cuetos,F. (2008). Psicología de la lectura. Wolters Kluwer. Cuetos,F. (2009). Psicología de la escritura. Wolters Kluwer.Cuetos, F. (2019). Dislexia. Ni despiste ni pereza: todas las claves para entender el trastorno. La esfera de los libros Cullinan, B. (2005). La lectura en el aula. Trillas. Das, J.P., Garrido, M., González, M., Timoneda, C. y Pérez-Álvarez, F. (2001). Dislexia y dificultades de lectura: una guía para maestros. Paidós. Deaño, M. (2000). Cómo prevenir las dificultades de cálculo. Aljibe. Fernández, J. (2002). La numeración y las cuatro operaciones matemáticas. CCS. González Seijas, R.M. (2002). PODER escribir. Programa de entrenamiento en procesos cognitivos de la escritura. EOS. González Seijas, R.M. y Cuetos, F. (2008). Actividades para el aprendizaje de la lectura y de la escritura. Cepe. Jáuregui, C. A., et al. (2016). Manual práctico para niños con dificultades de aprendizaje: enfoque conceptual e instrumentos para su manejo. Panamericana. Jiménez, J. (2012). La dislexia en español.Pirámide. López-Larrosa, S. (2017). Programa MUPO: Programa para la mejora socioemocional de las dificultades de aprendizaje. Pirámide. Miranda, A., Vidal-Abarca,E. y Soriano,M. (2000). Evaluación e intervención psicoeducativa en dificultades de aprendizaje. Pirámide. Ortiz, M.R. (2004). Manual de dificultades de aprendizaje. Pirámide. Roldán, L. (2019). Conciencia fonológica y lectura de palabras. Programa de apoyo a la lectura y planificación de la escritura para alumnos de Primaria. EOS. Roldán, L. (2019). Escribiendo narraciones y descripciones. Programa de apoyo a la lectura y planificación de la escritura para alumnos de Primaria. EOS.Salvador, F. y Gutiérrez, R. (2006). Atención educativa al alumnado con dificultades en lectura y escritura. Aljibe. Soutullo, C. y Diez, A. (2007). Manual de Diagnóstico y tratamiento del TDAH. Panamericana.Teruel, J. (2014). Dificultades de aprendizaje: intervención en dislexia y discalculia. Pirámide Uceira, E. González-Seijas, R.M. y Cuetos, F. (2012). Los TORRES, una familia de escritores. CEPE.
Bibliografía complementaria	

Recomendacions
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/652G02002
Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos/652G02007
Educación matemática I/652G02008
Resolución de problemas en matemática/652G02030
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacions
Para axudar a conseguir un contorno inmediato sustentable, recomendase enérgicamente ao alumnado que os traballos documentais que se realicen nesta materia sexan desenvolvidos en formato dixital. De realizárense en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.Aquí mesmo, esta materia abogará pola utilización dunha linguaxe inclusiva, tanto nas intervencións nas aulas como nos contidos traballados e actividades desenvolvidas. En coherencia con esta perspectiva, propiciarase a intervención de alumnas e alumnos nas aulas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías